

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xosé María Álvarez Cáccamo: O segredo do pan

Descubrinto os mundos do pan

O segredo do pan

Xosé María Álvarez Cáccamo

Obradoiro, Santiago, 2005. 86 páxs., 6,10 €

Moito nos gusta, pola mañá, pasar por diante dunha panadería e ulir o arrecendo máximo do pan. Ou ir ao mediodía, comprar un bolo ou un cornecho e sentilos aínda quentiños, acabados de saír do forno e gardando para nós o segredo do seu sabor. Pero o que sen dúbida máis nos gustaría é poder tomar, cando estamos tristes, un bocata de ledicia, chantar unha mordedela nun de coñecementos antes dun exame ou invitar a todo o mundo a un de solidariedade, que boa falta nos fai. Como hai soños que non son posibles na realidade, para iso temos a literatura. E para eses bocatas de bos propósitos, a literatura, da man de Pepe Cáccamo, xa creou a súa demiurga particular: a panadeira Fermina Fariña.

- 10:44 17/11/2005

O segredo do pan é a historia desta artesá que, agobiada polos inquéritos dos compradores que acoden á súa tenda, empéñase en descubrir cal é o segredo que gardan as súas coccións. E para iso, o mellor que se lle ocorre é meterse dentro do seu forno e ver ata onde a conduce a orixe do seu bo facer. Alí coñecerá aos pícaros e pícaras do Pan, que o autor concibe como unha sorte de nenos do País de Nunca Xamais, mantendo durante boa parte da obriña un simpático xogo de referencias con *Peter Pan*. Mais as chiscadelas literarias de Cáccamo non rematan aquí, pois Fermina tamén coñecerá as artes da empanada da man dun auténtico mestre: Álvaro Cunqueiro, ao que hai unha homenaxe nestas liñas que o reconece como sabio gastronómico e sabio literato.

En moitas das palabras desta historia, nótase que o autor é tamén un poeta. E isto é moi de agradecer, dado que a narración se tingue dunha poeticidade que en escasas ocasións está presente nas creacións infantís sen escurecer o seu contido. Albíscase na construción do personaxe principal, unha panadeira na que inflúen as fases da lúa. Percíbese no coidado que pon nas descrições dos mundos do pan ou do parque das merendiñas. E faise máis evidente na cita dalgún verso do poeta mindoniense.

Outro trazo moi particular de *O segredo do pan* é o humor, presente ao longo de todo o libríño. En xeral, é este un dos condimentos fundamentais do texto, pois a parte do valor que ten por si mesmo, adubía excelentemente a pontente imaxinación que amosa Pepe Cáccamo. Porén, hai momentos moi concretos da obra en que este ingrediente rebasa un chisco o seu límite. Quizais se xoga en exceso, o que se pode tornar algo canseiro, coa palabra *pan*.

O pouso humorístico é tamén potenciado polas ilustracións de Xan López Domínguez, que coas súas formas esaxeradas, tan simpáticas e características coma sempre, fai que a publicación sexa case redonda. É unha mágoa, non obstante, que o lector non poida gozar dos deseños do ferrolán en cor, porque en branco e negro perden bastante intensidade e dinamismo.

Fermina, ao final da súa historia, chega a saber o segredo do seu pan, que non desvelaremos aquí, aínda que si contaremos cal é o segredo da súa noveliña. Este áchase en que estamos ante un conto ben imaxinativo, deses que fan pensar noutros mundos cargados tamén de poesía e de humor. Ademais, é moi adecuado para nenos de oito anos en diante (e quizais tamén para rapazolos e rapazolas con algún menos), que terán a oportunidade de achegarse a un fermoso texto que conta, ademais, cunha moi coidada revisión lingüística, da que sen dúbida deberían tomar nota outras editoras do país.